



XORNALISTAS
GALEGAS

A prostitución e a explotación sexual nos medios de comunicación



¿Que é a prostitución?

A Real Academia Galega define a **prostitución** como o “acto polo cal unha persoa mantén regularmente relacións sexuais con outras a cambio de diñeiro”. Mais a realidade é moito máis complexa.

As organizacións que traballan con mulleres definen a prostitución como a **forma de violencia machista máis extrema** e non dubidan en considerala como a **esclavitude do século XXI**.

- Non existe unha relación de igual a igual entre cliente e prostituta
- Quen paga manda, sen respectar o desexo ou a integridade da muller.
- Moitas das mulleres exercen a prostitución forzadas, baixo ameazas e coaccións



BEIJING, 1995 : A prostitución e a trata tamén son violencia

- En setembro de 1995 a **Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller** reunida en **Beijing** definía a violencia contra a muller como “unha violación dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais e un obstáculo ou un impedimento para o disfrute deses dereitos”.
- Por primeira vez consideraba violencia machista:
 - **O maltrato sexual.**
 - **A escravitude e explotación sexuais.**
 - **A trata internacional de mulleres e nenos.**
 - **A prostitución imposta.**
 - **O hostigamento sexual**



Medidas aprobadas na IV CONFERENCIA MUNDIAL DA MULLER

- A Conferencia de Beijing sinalou a trata de mulleres e nenas como un “**problema internacional urxente**” e “**unha das principais actividades da delincuencia organizada internacional**”.
- Na IV Conferencia Mundial da Muller apróbase:
 - **Eliminar a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual**, pornografía, prostitución e turismo sexual.
 - Promulgar e **aplicar leis que protexan os dereitos das mulleres** contra toda forma de violencia, como a explotación sexual, a prostitución e a pornografía infantil.
 - **Desmantelar as redes de traficantes e castigar os responsables.**
 - **Rehabilitar na sociedade** as vítimas da trata de mulleres.
 - **Impedir o turismo e o tráfico sexual.**



XORNALISTAS
GALEGAS

14 anos despois da IV CONFERENCIA DA MULLER DE BEIJING...

- O **turismo sexual e a explotación da muller** seguen sendo unha realidade.
- As mulleres que saíron da prostitución son **estigmatizadas** pola sociedade.
- **As mafias seguen actuando** en todo o planeta.
- España carece dunha **lexislación integral contra a trata de persoas**.



A trata de mulleres na lexislación galega

- A Lei Integral da Violencia de Xénero aprobada polo Parlamento Galego no ano 2007 tipifica como **violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual**.

Art. 3. “Consideranse formas de violencia de xénero:

- A violencia física, psicolóxica, económica, sexual e os abusos sexuais
 - O Acoso sexual
 - **Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual**
 - Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.
- A lei dá dereito ás vítimas de trata a percibir a mesma axuda económica que reciben as demais **vítimas de violencia machista**.
 - **Problema:** as ameazas e extorsións fan que a maior parte das ás vítimas non se atrevan a denunciar, quedando, na práctica sen cobertura legal algunha.



Os medios de comunicación ante a prostitución

As profesionais dos medios de comunicación non podemos ficar caladas ante a explotación sexual das mulleres e debemos coida-lo enfoque e a linguaxe que empregamos nas nosas informacións para evitar a estigmatización das vítimas. Recoméndase:

- Aborda-lo fenómeno da prostitución en toda a su complexidade social.
- Enmarcar a explotación sexual como unha variante delictiva na violencia de xénero.
- **Poñer o foco nos puteros -nos clientes- e nas mafias** que trafican con elas.
- Utilizar fontes de información especializadas e **deixar falar ás vítimas da explotación**.
- Preservar a súa identidade e evitar referirnos a elas como **prostitutas, senón como mulleres que exercen a prostitución**.
- Non relaciona-la prostitución coa delincuencia e evitar colocar estas noticias en “sucesos”.
- Non publicar publicidade vexatoria para as mulleres, incluídos os anuncios de contactos.



Os anuncios de contactos, pendentos de regulación

- **Dende hai máis de dez anos estudanse en España distintas fórmulas para erradicar os anuncios de contactos.** En Francia están prohibidos por lei e en Gran Bretaña, Italia e Alemaña só os publican os diarios sensacionalistas.
 - 2008: o Goberno Zapatero tenta erradicar estes anuncios a través da autorregulación, pero esta vía non prospera debido á resistencia das empresas editoras.
 - 2010: o executivo socialista pide un informe ó Consello de Estado para prohibilos por lei.
 - 2011: o Consello de Ministros aproba modifica-la Lei de Publicidade para prohibir os anuncios de prostitución. A convocatoria de eleccións impediu tramitala no Congreso.
- **Na actualidade, a prensa española e galega segue publicando este tipo de anuncios.**
 - En 2017 El País deixou de facelo. Tampouco aparecen en Público, La Gaceta, 20 Minutos, La Voz de Asturias, Diario de Navarra, Avui ou La Razón.



A erradicación do sexismo na publicidade

- En novembro de 2014 a Secretaría Xeral de Igualdade constitúe a **Comisión Asesora de Publicidade non Sexista**, co obxectivo de erradica-lo sexismo das mensaxes publicitarias e loitar contra a discriminación por razóns de sexo.
- **En catro anos a Comisión Asesora atendeu 82 denuncias**, relacionadas sobre todo con carteis e anuncios con connotacións sexistas.
- Se se demostra que se presentas ás mulleres de forma vexatoria, a Comisión pode reclamar a retirada do anuncio



XORNALISTAS
GALEGAS

Santiago, 2019